

MEMORIA HISTÓRICA DE CANGAS

ENTREVISTA 2



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO: MPG_SaVi_0068_000_en_0_00_00_id520_D

AUDIO DE REFERENCIA: MPG_SaVi_0068_000_en_0_00_00_id520

TIPO DE DOCUMENTO: ENTREVISTA

RESUMO / DESCRICIÓN

Esta ficha recolle a segunda parte dunha entrevista que Iago Santos Castroviejo fixo a Lola Rodal Blanco no ano 2003. A entrevista trata sobre sindicalismo e conflitividade social en Cangas en tempos da II República e a represión desatada a raíz do alzamento militar de 1936 contra dirixentes políticos e sindicais e as súas familias. A informante, Lola Rodal, fala da represión que sufriu a súa propia familia, así como outras persoas destacadas na vila.

DATOS DA ENTREVISTA

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 2003
- **INFORMANTE(S):**
Nome: Lola Rodal Blanco
Idade no momento da recollida: 82 anos
Lugar e data de nacemento: Cangas, 03/03/1921
- **RECOLLEDOR (ES):** Iago Santos Castroviejo
- **COMPILADOR (ES):** Iago Santos Castroviejo
- **COLECCIÓN:** Santos – Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
Lugar: Cangas
Concello: Cangas
Provincia: Pontevedra
País: Galicia



NOTAS DA TRANSCRICIÓN

Autor: Iago Santos Castroviejo. Revisión do APOI.

A informante posúe un marcado acento da costa pontevedresa e emprega a gheada e o seseo. Tamén son frecuentes os castelanismos e os localismos.

A transcripción fíxose respectando a pronuncia da persoa. Nos casos en que determinadas palabras ou expresións poidan xerar confusión, estas van acompañadas dunha nota a pé de páxina para aclarar o termo correcto ou o significado. Porén, para non entorpecer a lectura con aclaracións constantes, moitas palabras e expresións coloquiais transcríbense tal cual foron ditas e sen ningún tipo de aclaración.

As partes do texto onde aparecen puntos suspensivos pechados por parénteses “(...)” son inintelixibles e non se poden transcribir. Os parénteses “()” indican expresións xestuais da informante e os corchetes “[]” indican aclaracións do transcritor.

PALABRAS CHAVE

Cangas , II República , mestre , Partido Socialista , Igrexa , sindicato , CNT , Partido Comunista , Lorenzo Corbacho Rodal , Fermín e Galán , himno , Illas Cíes , Guerra Civil

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

NOTA: Esta entrevista é a segunda parte dunha entrevista completa. A primeira parte pódese atopar no seguinte rexistro do APOI:

Memoria Histórica de Cangas 1
MPG_SaVi_0067_000_en_0_00_00_id519

TRANSCRICIÓN

O fragmento destacado en vermello, correspóndese co final da entrevista anterior (Memoria Histórica de Cangas 1) e que ten continuación na presente entrevista.

P.- Agora que falamos del; en 1923 fórmase o Partido Socialista de Cangas.

LRB.- Eu nacín no 21...

P.- Sí, pero bueno pódese acordar... Seu pai....

0:00:00

- ... estaba na primeira Agrupación Socialista de Cangas, con Corbacho¹ - bueno Corbacho o mellor inda estaba en Moaña -, seu pai, Taratola, non sei se é seu tío ou un primo do seu pai, Francisco ou Juan Rodal Lanzós, carpinteiro.

¹ Lorenzo Corbacho Rodal foi un destacado sindicalista e político en Cangas durante a II República. Participou na fundación das agrupacións socialistas de Moaña e Cangas, foi concelleiro en Cangas en varias etapas, participou na dirección de sindicatos de canteiros e mariñeiros da zona, e colaborou nas revistas



LRB.- No. Juan no. Francisco Rodal Lanzós.

P.- Estaba Indalecio Cruz, Aniceto Pintos...

LRB.- Indalecio que era ferreiro.

P.- Ángel Mato Peña.

LRB.- Mato... eu oía falar del. Non o conocín. Era un home destacado, tiña moitos alumnos e claro, daquela obrigaban á relixión; había que rezar o rosario nas escolas e o himno da patria, mañán e tarde. Il se podía... claro, el miraba que non era cousa necesaria nin conveniente... entón dicían que os discípulos de Mato que non ían á igrexa porque non... eu oíalle a papá que a maioría dos chavales que il instruíu que todos renegaban da Igrexa... Non é que renegaran. É que claro, antes todo era un fanatismo terrible que había: tiñas que apuntarte para ir a confesarte na pascual. Tiñas que apuntarte... E se na lista miraban que non ibas xa te criticaban. Había unha lista. Tiñas que apuntarte para cumprir o precepto, tiñas que ir ás misións, cando viñan... todo eso.

Cando me dixo aquel confesor, cando foi que mataron a meu hermano, e eu, claro, non iba moito a misa, pero pola pascua fun a confesarme... claro, o que che preguntan sempre. E cando lle dixen que hai moito tempo que non me confeso: “Ai por que mujer?”, “Porque estoy muy tal, porque este cura de aquí de este pueblo no me dio buenos informes para mi ma... porque me mataron a un hermano”, “Y porque te lo mataron?”, “Por nada!”, “No, por nada no se mata a nadie”, díxenlle eu: “Por nada, no era nada”, “Y que edad tenía tu hermano?”, “Tenía 18 años, aún no los tenía cumplidos”, “Caramba, caramba... tan joven y tan rebelde, caramba, caramba”, díxome así (chora). Dices ti que daquela. Daquela e mais ahora! A Igrexa daquela e mais agora.

P.- Como seu pai se pasa á CNT?

LRB.- Había discusións, na casa o hermano que tiña en Francia xa lle gustaba a CNT. Eu, daquela andaba a escola e ¿que sabía unha rapaza de 14 anos hai 60 anos? ¿que sabía? Eu anduven á escola hasta os 14 anos esabe máis un rapaz de hoxe.

En todo o sentido da palabra, en todo. Porque non che enseñaban nada, non che enseñaban nada. Cando baixaban o mapa, que é tan grande coma esto, quedabamos todas: “ah!” - estaba enrollado todo o tempo aquel mapa alí - “Mira! Aquí está Galicia, aquí está tal, aquí está Madrid. Ah!” A rezar si, a rezar si. A mañán e a tarde. E o himno... é unha cousa... todos himnos tiña na cabeza de todos... “amad a la patria...” e todas esas cousas, “la patria bendita, la patria es la cuna del hombre al nacer”... La patria, la patria... onde traballan 20 pa que coman dous.

P.- A finais de 1930, seu pai cando cae a ditadura de Primo de Rivera, hai un par de formacións provisionales de gobernos municipais e nun deles o seu pai volve ser concellal, e me parece que era concellal cando foi o movemento de Jaca... é dicir que seu pai... cando fusilaron a...

LRB.- A Ángel García Hernández e Fermín Galán. Teño a fotografía na casa aínda.

P.- Fermín Galán sobre todo era máis admirado.

socialistas *La Nueva Aurora* e *Solidaridad*. Durante o alzamento militar de 1936 participou e dirixiu accións en defensa do goberno democrático, o cal sumado á súa activa militancia política durante a II República lle custou a detención e posterior condena a morte.

A figura de Corbacho é citada con frecuencia na entrevista a Lola Rodal.

LRB.- Máis destacado co outro. Era un chaval aínda.

P.- Aí Angel García Hernández aínda lle deron a opción de confesarse

LRB.- Sí. Un confesou e o outro non. Galán non. García Hernández sí.

P.- Pode contarnos a...?

LRB.- Daquela oíase muito... incluso en postales se iluminaba... mirabas pa aqueles catro puntiños e logo mirabas al cielo e mirabas aquela cara de aquela persona... e había cantares.

P.- Como era eso?

LRB.- Viñeron dispois na República, viñeron unhas estampañas así... e estaba a cara coma se fora un cliché²... difuminada a cara e tiñan catro puntiños aquí na nariz. A cousa era branca. E tiña aquel perfil daquela cara co aquel peliño rizado e tal e na nariz tiñan catro puntiños. E tí poñíaste a ver así para aqueles catro puntiños fighos, fighos, fighos, fighos ... o que máis resistiras. E logo mirabas pal cielo e mirabas aquela cara.

E houbo himnos, e houbo cantares, e houbo... daquela non había discos coma agora, nin tocadiscos... había gramolas pero non había discos, non se grababa como agora... hoxe todo se sabe. Estás aquí e dentro dunha hora xa sabes... hoxe todo se sabe, hoxe é outro mundo, pero daquela era vivir nun claustro... salías a calle (baixa a voz): “Aí!, a quen levaron esta noite foi a fulano, a quen lle pegaron unha tunda foi a citano...” ¿e os das Cíes, cando foron buscar ós das Cíes como os acribillaron alí?

P.-Nas cíes, a quen colleron?

LRB.- A Evaristo Soliño, e o outro quen era?

P.- Bernardo Lemos, non?

LRB.- Non me acordo o nome do outro. E cantos viaxes fixeron ás Cíes. Requisaban un barco ou un motor, iban ás tiendas, requisaban conservas, bebidas... e iban pasar un día de

LRB.- acampada alá, e de paso buscábanos por alí. Manolo Soliño, ¿e o outro quen foi...? Ah! Bernardo Lemos.

P.- Manolo Soliño era Manolo Carolitos?

LRB.- Era Carolitos, si. E o outro compañeiro que estaba con el, despois de andar escapados polos montes colleron un día unha lancha e marcharon remando, que eran dous mozos valientes.

P.- Quen eran eses dous? Manolo Carolitos, Manolo Soliño Ferrer [o entrevistador di equivocadamente, varias veces, Soliño Ferrer. Manolo Carolitos era Manuel Soliño Soliño].

LRB.- E o outro era Lemos. Bernardo Lemos ¿que? Non me acordo do outro apelido. Eran xóvenes, unha noite colleron, saliron... Bernardo, era primo carnal do Cinturita, primo hermano.

P.- Este outro, Evaristo... Soliño? Quen era este Evaristo?

LRB.- Estaba enfermo cando foi a guerra, estaba enfermo. Era destacado na C[NT?] estaba tuberculoso xa cando foi a guerra, estaba tuberculoso.

² Clixé

P.- A este que lle pasou?

LRB.- Matárono na Illa³.

P.- Matárono na Illa?

LRB.- Si, si si. Foron remando nunha lancha, metéronse alí e (...). Pero alí claro, como eran pulpeiros (...) alí había moita maleza, moito pino, estaba poblado... pero un día caíron. Rodearon as Cíes ao redor todo e entón topáronos. Un estaba bebendo e xa o acribillaron alí. Estaba bebendo nunha...

P.- Este quen era?

LRB.- O Carolitos. E dispois xa mataron ó outro. Mataron ós dous xuntos, despois tiráronos ó mar e xa está.

P.- Foron tres na Illa, non?

LRB.- Eu do outro non me dou conta. Se houbo tres na Illa non sei. O que sei é que cando foi dos 11 un escaou e tirouse tamén a andar e fórono matar alá a Liméns.

P.- Fálenos dos héroes de Jaca e de como se viviu en Cangas ese...

LRB.- Bueno, a xente claro... cantaban os rapaces:

“La sangre de sus venas

Por el derecho dan

Los grandes capitanes

Hernandez y Galán

Taralalaralalarala”

Coa música do himno de Riego. Porque antes a xente cantaba moito, lavando no río aquel que había no Siñal, ou aquí no lavadero este a xente cantaba. “ Ah, miras? As roghas! Mira como cantan as roghas!, ¡Mira as de Rusia como cantan!”.

P.- Iso dicían na República?

LRB.- Na República, claro, na República. Para a xente falar de Rusia era como falar do demo, do inferno... E así cálate, con tal que te chamaran rogha... Chamarte rogha no “Movimiento”⁴ era condenarte á morte, xa... Na República tamén.

P.- A República foi moi popular ¿non?

LRB.- Pero durou pouco, ¿que durou a República? Inda non dous anos. En abril do 31 ... e no 33 xa non había nada, xa foi a dictadura de Primo de Rivera...

P.- Non o 33 fora cando o goberno Lerroux e...

LRB.- Si, toda aquela parafernalia... e pónome a pensar “pero pa qué, dios mio, por que?” Tanta xente, tanta xente, morrer tanta xente; e tantos abusos e tantas penas e... non lle importou ... ¿e a fame que se pasou? dios mío...

³ Refírese ás Illas Cíes.

⁴ Con Movimiento refírese ao golpe de Estado contra a II República Española no ano 1936.



P.- A ver se coñece este señor... se ve moi mal... Esta é a escola do Pósito, clase de motores...

LRB.- (pon as lentes e mira a fotografía) E donde e isto? Que local é este?

P.- Na Escola do Pósito de Cangas.

LRB.- En donde?

P.- Será no 34... no 34 é...

LRB.- Isto é en Rodeira... no, isto é na Fonte do Galo. Este é don Víctor.

P.- E como o coñeceu?

LRB.- Pola feituraña, así que o mirei, así chaparrotiña⁵, redondiña a cara, así... gastaba sombreiro: é don Víctor! E sabes onde é isto? Inda está a casa donde é isto: sabes o Hotel de Mallo. Hai edificios, que hai bares... pero hai unha casaña, que agora puxéronlle un piso arriba de pedra, baixiña, mesmo fronte por fronte ó hotel de Mallo. Alí era. Foi onde mirei por primeira vez un aparato de radio.

P.- Don Víctor foi un pouco polémico. Porque a don Víctor prendérono no 34. Estuvo na cárcel algún tempo.

LRB.- Claro, pero... Non, diso non recordo. Era moi amigo de papá, falaba moitas veces con el... pero do 34 non me recordo moito. Pero do 36 sí.

P.- Don Víctor era do Partido Comunista.

LRB.- Era.

P.- Don Vicente tamén?

LRB.- Don Vicente era un maestro. Guapote, alto... mira don Vicente era así con teus tíos, cos que morreron no fronte, con Antonio e con Lucas. Porque el estaba de maestro en Coiro. Era un chaval fuerte, guapo, guapísimo. Era, de onde era? De Valladolid non... Do interior era. De Alicante. Era de Cáceres, pobre. Entonces ese don Vicente, como era así guapote; daquela cando viña da aldea, viña a andar – non había coche - viña a Cangas sempre. Pois codeábase coa aristocracia, que se dicía de aquela; cos de Ocaña, cos de Mariño. E fixeron un Rodeiramar⁶. Na casa dos vellos, na casa dos ghubilados, nesta casa que hai fente ó mercado, había unha escaleira de pedra - que inda está hoxe - e nunha salita que había así, tiñan eles o Rodeiramar. O primeiro Rodeiramar que se formou foi aí. E el tamén se fixo socio. Porque claro, non había a donde ir, e el quería codear coas chicas, e alí viñan chicas e chicos. E fíxose socio de aí. E aí paraban as de Ocaña, paraba a hermana de...ti coñeces a Tesorier? A Pepe Tesorier? O pai de Santoro. Non o recordas? A irmán de Finita, que se casou en Madrid e viña sempre a veranear aquí. Foi condiscípula dos meus irmáns. E coa filla de Cervera, Marugha Cervera, que inda era unha polla... e a hermana de Tesorier, que era muoi guapa... e claro, como non tiña... pois codeábase con esa xente.

P.- Ou sexa que Cervera tiña unha filla que se chamaba Maruxa?

⁵ Refírese a unha forma achaparrada, grosa e pequena.

⁶ Parece referirse á franquicia dun negocio, probablemente hosteleiro.



LRB.- Ten. Sí. Marugha inda vive. É a que vive de todos. Está en Vigo, pero está moi leliña...

P.- Esta era do Partido Galeguista ou algo así? Maruxa Cervera.

LRB.- Non. Tuvera un novio que dis que era primo, santanderino, despois se fixo novio e discutía cos hermanos na mesa. Así sobre eso. Porque ese primo faláballe e ela discutía cos hermanos. O que morreu no Baleares, que tería? Tería 18 ou 19 anos; era terrible aquel muchacho. Aquel chaval era un arado! Bueno, inteligente non foi ningún, eh! Porque todos... o maior, o mais vello era un arado, e ningún... un título solo. O que se casou coa de Pellín, o Pancho, era o único título que había na casa. Entre mulleres e homes. Ningún estudiou. Ningún. Entonces a Marugha - que era unha chavalita -, ese primo que era santanderino viña pola Semana Santa... porque quería á prima esa... era un chaval xa destacado. Destacado non, que non comulgaba coas cousas dos primos. Entonces tiñan discusións, porque unha prima miña leváballe o pan a casa, e sempre os miraba discutir cando estaban comendo na mesa, se enfadaban e sempre estaban a falar sobre eso... sobre o galleguismo e todo iso.

P.- Estabamos falando de don Vicente e eu tiven a mala pata de interrompila.

LRB.- Inda está esa casita aí. E pobriño, sabes o que lle atribuíron, o que lle dixeron no... [xuízo]? Que el o saludo que tiña cando entraban os rapaces, - que viñan de por aí de Coiro, viñan da Pedreira, de Santo Domingo, á escola - sabes o saludo cando entraban? “No hay dios” E que contestaba el: “Nunca existió!”. Pois fórono dicir así, dúas mulleres de Cangas fórono dicir á Audiencia de Pontevedra.

P.- Foron dúas mulleres a dicir eso?

LRB.- Dúas mulleres.

P.- Iste é o barco do seu tío Joaquín (ensinándolle outra fotografía).

LRB.- Ai o Penta, o Penta. O Penta non sei se é a marca do motor... Aquí están tos meus primos, aquí no ghrupo. Esto ha de ser en Liméns. Debían andar ao mediomundo... de cerco, pero están recollendo... E como conseguistes estos...?

P.- As fillas de don Felipe Carnicer, por fin localiceí a este señor...

LRB.- Claro, porque don Felipe Carnicer... que pena aquela fotografía que tiña eu e que alguén ma levou e non ma devolveu máis... era calvo... Aquí está a fotografía que tiña eu! Mira!

P.- A ver, cónteme a historia.

LRB.- Mira, este é meu primo Aquilino, iste é un que morreu no-hai muito, chamábase Luis. Mira é tarde, vimos outro día... este é don Felipe Carnicer ...